

PIPPI MEDIASLONGAS

Texto de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **INGRID VANG NYMAN**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ**

Encadernado en cartón. 16 x 23,5. 128 páx. 16 €
ISBN 978-84-8464-339-5. Sete Leguas +
MEDALLA HANS CHRISTIAN ANDERSEN
MELLOR LIBRO TRADUCIDO DE LIX 2017 (FERVENZAS LITERARIAS)
PREMIO DA GALA DO LIBRO GALEGO 2018 Á MELLOR TRADUCCIÓN
LISTA DE HONRA IBBY 2020 (TRADUCCIÓN)

*Nas aforas dunha vila pequena había un eido abandonado.
No eido había unha casa vella e na casa vivía Pippi Mediaslongas.
Tiña nove anos e vivía completamente soa, sen pai nin nai.
Iso era unha vantaxe, pois non había ninguén que a mandase
para a cama xusto cando máis estaba a divertirse, e ninguén
que a obrigase a tomar aceite de fígado de bacallau cando prefería
comer lambetadas...*

Nenas e nenos de todo o mundo pasamos horas inesquecibles de lectura ao abeiro das aventuras e das extravagancias de Pippi Mediaslongas, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo. Diversión, tenrura e humor, optimismo e ledicia son ingredientes deste clásico universal e imprescindible; dun personaxe literario convertido nunha icona contemporánea que inspirou unha serie na televisión sueca en 1969 e varias películas protagonizadas tanto por actores como por debuxos animados. Esta edición en galego -á que lle seguen «[Pippi Mediaslongas embarca](#)» e «[Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur](#)»- conta coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman.

Escandalizados polos seus xestos e comentarios, moitos adultos -ben no ámbito da literatura, ben da educación- tildárona de mal exemplo para a infancia, pero o éxito desta nena foi imparable: rebelde, transgresora e desclada, independente, simpática e extrovertida, Pippi rompía cos estereotipos e actuaba de forma contestataria fronte aos maiores. As súas accións motivadas polo absurdo, a espontaneidade ou a provocación, evidencian as convencións da escola, da familia e da sociedade da época.

Astrid Lindgren creou a historia de Pippi Mediaslongas a partir do inverno de 1941 para entreter a súa filla enferma. Dous anos despois, a autora escribiu o relato e regaloulle o manuscrito á rapaza polo seu aniversario. En 1945 gañou un concurso literario e foi publicado, cunha enorme repercusión en todo o mundo.



- **Temática:** as aventuras dunha nena rebelde, transgresora e divertida.
- **Idade recomendada:** desde 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, aventuras, imaxinación; clásico da literatura infantil; autora galardoada en 1958 coa Medalla Hans Christian Andersen en recoñecemento á súa traxectoria literaria; das autoras de «[Pippi Mediaslongas embarca](#)» e «[Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-mediaslongas-g>

Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu «[Pippi Mediaslongas](#)» para a súa filla Karin mentres estaba convalecente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.
<http://www.astridlindgren.com>

Ingrid Vang Nyman

(Dinamarca, 1916 - 1959)

Estudou na Real Academia Danesa de Belas Artes. A súa produción artística máis importante pertence ao período entre 1945 e 1952, vencellado sobre todo ás súas ilustracións de Pippi Mediaslongas, aínda que non tivo tanto recoñecemento como a autora malia estar considerada unha pioneira na revolución da ilustración de libros infantís. Astrid Lindgren dixo dela: "Calquera que tivese a sorte de atopar un ilustrador axeitado para o seu libro, debería estarlle eternamente agradecido a ese artista".

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com